



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE OITO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 13)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas do d3a oito de abril de dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asiste o Sr. Deputado D. Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA UN DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día un de abril de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS APARELLOS ELEVADORES E PORTAS AUTOMÁTICAS NOS CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE TRABADA, POL, A FONSAGRADA, CASTROVERDE, PEDRAFITA DO CEBREIRO, MEIRA, NAVIA DE SUARNA E RIBAS DE SIL, DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de mantemento integral dos aparellos elevadores e portas automáticas nos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil, da Deputación de Lugo, 2022/CON_02/000021, consta no mesmo:



Memoria xustificativa e providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7CGTS53PXZL77JS4HQAF3DIE¹.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: V7CGTS5CEU2LDFSUHXMH57WKE.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7C3QBY3L7JJLE223UMDZJD44.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CGTXK3E6M7D7T4YXD6AXXCU.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7CGTXPBBUMV2XSAB5WOQATOU.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CGXBLH4V2J6OD5X4SNZ3A6Q.

Dada a especificidade dos centros, a duración dos convenios cos Concellos e a súa vinculación coa asunción de prestacións que garantan o seu funcionamento, determinouse que as prestacións deste expediente constitúen unha unidade funcional con entidade propia.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de mantemento integral dos aparellos elevadores e portas automáticas nos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil, da Deputación de Lugo, 2022/CON_02/000021, con duración de un ano.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 13.740,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 2.885,40 €, o que fai un total de 16.625,40 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O importe do contrato ascende a 16.625,40 €, IVE engadido, e financiase de acordo as seguintes anualidades:

CAM	APLICACIÓN	IMPORTE ANO	2022 (7 MESES)	22/RC	2023 (5 MESES)	23/RC
TRABADA	2315.212	1.815,00	1.058,75	22022/9357	756,25	220229/147
POL	2315.212	1.815,00	1.058,75	22022/9354	756,25	220229/144
FONSAGRADA	2315.212	3.775,20	2.202,20	22022/9345	1.573,00	220229/137
PEDRAFITA DO CEBREIRO	2315.212	1.815,00	1.058,75	22022/9352	756,25	220229/142
CASTROVERDE	2315.212	1.815,00	1.058,75	22022/9343	756,25	220229/135
MEIRA	2315.212	1.815,00	1.058,75	22022/9347	756,25	220229/139
NAVIA DE SUARNA	2315.212	1.960,20	1.143,45	22022/9350	816,75	220229/140
RIBAS DE SIL	2315.212	1.815,00	1.058,75	22022/9355	756,25	220229/145
SUMA		16.625,40	9.698,15		6.927,25	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2022, polo importe relacionado, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2023 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSOS PRODUTOS DE USO AGRÍCOLA E GANDEIRO PARA A GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Lote 1 - Subministración de fertilizantes e abonos, sementes, produtos fitosanitarios, conservantes e aditivos para a conservación de forraxes, e outros produtos ou materiais de uso agrícola precisos para a xestión da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo.

Lote 2 - Subministración de concentrados e pensos, correctores vitamínicos e minerais e outros produtos destinados á alimentación do gando da Granxa Gayoso Castro.

Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 31 de marzo de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente e memoria xustificativa, con CSV: IV7FGAH5HAB37P6PYLYRGRSAAQ².

Prego de prescricións técnicas, Lote 1 con CSV: IV7CU3QZPI77ZO67UIIDEURFKU e Lote 2 con CSV: IV7CU3QZFEZ635G57QNCM4PEMQ.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7CU3QLNNHT5HHJSFPSIQ2FOY.

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CUIC5NBEZXLE5SMFSGATHAM.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7CUIBIZ3Z37OHJ2E65ELTEHY.

Informe de Intervención de fiscalización previa, con CSV: IV7CUPQ3KD7Z2VBOQPWEK4CS4Q.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7CVTLYPVU4LTZJRRQRL4JUCY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7CVT32FNOCWWOKYAIFOUJSKY.

Acta da Mesa de Contratación do día 15 de febreiro de 2022, con CSV IV7C6QHZNZ535SZLSZHMKYIUIU, que recolle o seguinte:

(...) “Primeiro.- Apertura e cualificación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2021/CON_02/0000085 para adxudicar o contrato de subministración de diversos produtos de uso agrícola e gandeiro para a Granxa Provincial Gayoso Castro da Deputación de Lugo.

Segundo.- Apertura criterios avaliábles automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2021/CON_02/0000085 para adxudicar o contrato de subministración de diversos produtos de uso agrícola e gandeiro para a Granxa Provincial Gayoso Castro da Deputación de Lugo.

Terceiro.- Valoración criterios avaliábles automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2021/CON_02/0000085 para adxudicar o contrato de subministración de diversos produtos de uso agrícola e gandeiro para a Granxa Provincial Gayoso Castro da Deputación de Lugo.

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes::



LOTES		LICITADORES
1	SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSOS PRODUCTOS PARA USO AGRÍCOLA E GANDEIRO (FERTILIZANTES E ABONOS, SEMENTES, PRODUCTOS FITOSANITARIOS, CONSERVANTES E ADITIVOS PARA A CONSERVACIÓN DE FORRAXES E OUTROS PRODUCTOS OU MATERIAIS DE USO AGRÍCOLA) PRECISOS PARA A XESTIÓN DA GRANXA GAYOSO CASTRO PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.	SEVERIANO AGROCOMERCIAL, S.L.
2	SUBMINISTRO DE CONCENTRADOS E PENSOS, CORRECTORES VITAMÍNICOS E MINERAIS ASÍ COMO OUTROS PRODUCTOS DESTINADOS Á ALIMENTACIÓN DOS ANIMAIS DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.	SEVERIANO AGROCOMERCIAL, S.L.

Tendo en conta que se presenta un único licitador para ambos lotes e que presentou as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura do sobre electrónico A co seguinte resultado:

O Anexo I presentado pola empresa Severiano Agrocomercial, S.L. axústase aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobre B, relativo aos criterios de adjudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

LOTES	LICITADOR ÚNICO	% DE DESCONTO OFERTADO
1	Severiano Agrocomercial, S.L.	2,00%
2	Severiano Agrocomercial, S.L.	14,01%

Unha vez realizada a comprobación de que a proposta non está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, a mesa de contratación, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de prelación das ofertas da máis a menos vantaxosa.

LOTE 1	
Nº ORDE	LICITADOR ÚNICO
1	Severiano Agrocomercial, S.L.

LOTE 2	
Nº ORDE	LICITADOR ÚNICO
1	Severiano Agrocomercial, S.L.

Requirir á empresa Severiano Agrocomercial, S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LOTES	PREZO DE ADXUDICACIÓN (importe máximo anual)	IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA 5%
1	65.029,25	3.251,46 €
2	168.352,00 €	8.417,60 €

(...)

Resolución de Presidencia do 22 de febreiro de 2022, con CSV IV7C6GS5D4BDVHBCRRIG6JIBII.

Acta da Mesa de Contratación do día 18 de marzo de 2022, con CSV IV7C3TXPDTVSZG662DQHIQXBKM, que recolle o seguinte:

(...) “Respecto da documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP e no artigo 150 da LCSP, unha vez facilitada de xeito electrónico aos membros da mesa de contratación, se detecta o seguinte:

Lote 1 - Subministración de fertilizantes e abonos, sementes, produtos fitosanitarios, conservantes e aditivos para a conservación de forraxes, e outros produtos ou materiais de uso agrícola precisos para a xestión da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo:



Respecto da solvencia técnica, acredita a realización da prestación a través de facturas, con todo, non presenta unha declaración dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os últimos tres anos nin acreditación destes tal e como recolle a cláusula 17.1.4.2 do PCAP.

O resto de documentación é correcta, incorporándose ao expediente: consulta de inscrición da sociedade no Rexistro Mercantil e consultas dos certificados da AEAT, IAE e da Seguridade Social, certificación positiva do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo, Carta de Pago da garantía emitida pola Tesourería Provincial.

Lote 2 - Subministración de concentrados e pensos, correctores vitamínicos e minerais e outros produtos destinados á alimentación do gando da Granxa Gayoso Castro.

Respecto da solvencia técnica, acredita a realización da prestación a través de facturas, con todo, non presenta unha declaración dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os últimos tres anos nin acreditación destes tal e como recolle a cláusula 17.1.4.2 do PCAP.

O resto de documentación é correcta, incorporándose ao expediente: consulta de inscrición da sociedade no Rexistro Mercantil e consultas dos certificados da AEAT, IAE e da Seguridade Social, certificación positiva do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo, Carta de Pago da garantía emitida pola Tesourería Provincial.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes:

Lote 1 - Subministración de fertilizantes e abonos, sementes, produtos fitosanitarios, conservantes e aditivos para a conservación de forraxes, e outros produtos ou materiais de uso agrícola precisos para a xestión da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo:

Requirir a Severiano Agrocomercial, S.L.U. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Solvencia técnica ou profesional. Deberá acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos realizados de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.

Os servizos realizados acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a: 45.520,48 €.

Lote 2 - Subministración de concentrados e pensos, correctores vitamínicos e minerais e outros produtos destinados á alimentación do gando da Granxa Gayoso Castro:

Requirir a Severiano Agrocomercial, S.L.U. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Solvencia técnica ou profesional. Deberá acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos realizados de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.



Os servizos realizados acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a: 117.846,40 €.

(...).”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 31 de marzo de 2022, aos efectos de examinar a emenda da documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que o licitador presentou, en prazo, a través da plataforma de contratación do sector público, a seguinte documentación:

Lote 1 - Subministración de fertilizantes e abonos, sementes, produtos fitosanitarios, conservantes e aditivos para a conservación de forraxes, e outros produtos ou materiais de uso agrícola precisos para a xestión da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo (Severiano Agrocomercial, S.L.):

Solvencia técnica ou profesional: Tal e como se lle requiriu, presenta unha relación dos principais servizos realizados xunto cun certificado de plena satisfacción, asinado polo representante da empresa usuaria dos devanditos servizos, por importe anual acumulado de 83.241,00 € superando o importe que consta no PCAP de 45.520,48€. Polo que queda acreditada a solvencia técnica ou profesional.

Lote 2 - Subministración de concentrados e pensos, correctores vitamínicos e minerais e outros produtos destinados á alimentación do gando da Granxa Gayoso Castro (Severiano Agrocomercial, S.L.):

Solvencia técnica ou profesional: Tal e como se lle requiriu, presenta unha relación dos principais servizos realizados xunto cun certificado de plena satisfacción, asinado polo representante da empresa usuaria dos devanditos servizos, por importe anual acumulado de 188.829,86 € superando o importe que consta no PCAP de 117.846,40€. Polo que queda acreditada a solvencia técnica ou profesional.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopten os seguintes acordos:

Adxudicar a Severiano Agrocomercial, S.L. con CIF B15790298, a contratación do Lote 1-Subministración de fertilizantes e abonos, sementes, produtos fitosanitarios, conservantes e aditivos para a conservación de forraxes, e outros produtos ou materiais de uso agrícola precisos para a xestión da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo, expediente 2021/CON_02/000085, polo importe máximo total de 65.029,25 €, ao que se aplicará un IVE do 10%, 6.502,93 €, o que fai un total de 71.532,18 € para un ano de contrato, cun desconto do 2,00 % sobre os prezos unitarios.

Adxudicar a Severiano Agrocomercial, S.L. con CIF B15790298. a contratación do Lote 2-Subministración de concentrados e pensos, correctores vitamínicos e minerais e outros produtos destinados á alimentación do gando da Granxa Gayoso Castro, expediente 2021/CON_02/000085, polo importe máximo total de 168.352,00 €, ao que se aplicará un IVE do 10%, 16.835,20 €, o que fai un total de 185.187,20 € para un ano de contrato, cun desconto do 14,01 % sobre os prezos unitarios.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:



1º.- Adjudicar a Severiano Agrocomercial, S.L., a contratación do Lote 1- Subministración de fertilizantes e abonos, sementes, produtos fitosanitarios, conservantes e aditivos para a conservación de forraxes, e outros produtos ou materiais de uso agrícola precisos para a xestión da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo, expediente 2021/CON_02/000085, polo importe máximo total de 65.029,25 €, ao que se aplicará un IVE do 10%, 6.502,93 €, o que fai un total de 71.532,18 € para un ano de contrato, cun desconto do 2,00 % sobre os prezos unitarios.

2º.- Adjudicar a Severiano Agrocomercial, S.L. con CIF B15790298 a contratación do Lote 2 - Subministración de concentrados e pensos, correctores vitamínicos e minerais e outros produtos destinados á alimentación do gando da Granxa Gayoso Castro, expediente 2021/CON_02/000085, polo importe máximo total de 168.352,00 €, ao que se aplicará un IVE do 10%, 16.835,20 €, o que fai un total de 185.187,20 € para un ano de contrato, cun desconto do 14,01 % sobre os prezos unitarios. Establécese que a data de inicio deste lote será o 15 de outubro de 2022, segundo o recollido na Solicitud de modificación da consignación orzamentaria referida a este contrato con CSV IV7CU3S2YB44TSEKA4VEKICRP4 do 23 de decembro de 2021, como consecuencia da finalización do expediente 2020/CON_01/000023 Penso composto para a alimentación do gando, en vigor ata o 14 de outubro de 2022.

3º.- O importe dos contratos financiase de acordo as seguintes anualidades:

	ANUALIDADE 2022					ANUALIDADE 2023					TOTAL
	IMPORTE	IVE	SUMA	APLICACIÓN	A	IMPORTE	IVE	SUMA	APLICACIÓN	A	
LOTE 1	54.191,04	5.419,11	59.610,15	4120.22199	920219/500	10.838,21	1.083,82	11.922,03	4120,22199	920219/502	71.532,18
LOTE 2	35.073,34	3.507,33	38.580,67	4120.22113	920219/501	133.278,66	13.327,87	146.606,53	4120,22113	920219/503	185.187,20
			98.190,82					158.528,56			256.719,38
LOTE 1 INICIO: Dende a formalización do contrato logo da aprobación da adxudicación e sinatura da acta de inicio.											
LOTE 2 INICIO: 15/10/22											

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

4º.- A duración deste contrato é de un ano, prorrogable anualmente sen que a duración total do contrato (incluídas as prórrogas), supere os catro anos (1+1+1+1). Este prazo empezará a contar a partir da subscrición da acta de inicio da prestación do servizo, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

5º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

6º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.



Primeiro.- *Proposta de adjudicación, se procede, da contratación da obra: LUGO-GUNTÍN.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-2901 “LU-232 – O Burgo”, P.K 5+500 a 13+100.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 31 de marzo de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7F66R7NI4ILHFSBUXWCB7PEA³.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: LUGO-GUNTÍN.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-2901 “LU-232 – O Burgo”, P.K 5+500 a 13+100, con CSV: IV7F66QPIBX34W5ORRFXO43XBY.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7CUXT6IEXD727LWAUXEQPWKM.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7CQCACJVJYLOMOQY5BMQA7HY.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7CQCK2FNVJ7LV54TW4EAITIM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CQGJ7JNPJX3RM7RVX55JSME.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 28/01/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adjudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7CSKT6P5PPRRJDQ454MAYF4Y.

Publicación, o día 04/02/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

³ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 03/03/2022, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliados automaticamente (sobre B), con CSV: IV7CY4IJLJ7YV6Z75UWWG33CII.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

LUGO-GUNTÍN.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME LU-P-2901 “LU-232 – O BURGO”, P.K 5+500 A 13+100

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

369.823,81
305.639,51 64.184,30

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

NO

PRAZO DE EXECUCION:

9 MESES

MAXIMO

6.112,79

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)	(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído .- art 102)	Oferta (m CUNETA FORMIGONADA)	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/V. Estimado)	Plantel / Discapacitados
1	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU		369.812,30 €	0,00	0,00 €	96/2
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL		349.322,00 €	60,10	495,87 €	178/3
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		358.160,00 €	0,00	0,00 €	46/1
4	VAZPER 3 SL		369.823,81 €	500,00	6.100,00 €	15/1

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

	EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	Oferta (m CUNETA FORMIGONADA)	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU	369.812,30 €	0,04	0,00	0,00	0,00 €	0,00	0,04
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	349.322,00 €	75,00	60,10	2,40	495,87 €	0,41	77,81
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	358.160,00 €	42,67	0,00	0,00	0,00 €	0,00	42,67
4	VAZPER 3 SL	369.823,81 €	0,00	500,00	20,00	6.100,00 €	5,00	25,00



De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
1	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU	369.812,30 €
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	349.322,00 €
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	358.160,00 €
4	VAZPER 3 SL	369.823,81 €

MEDIA
361.779,53

BAIXA DESPROPORCIONADA
325.601,57

10% ARRIBA
397.957,48

A vista do anterior, observase que ningunha oferta incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao Órgano de Contratación a seguinte proposta:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	77,81
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	42,67
3	VAZPER 3 SL	25,00
4	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU	0,04

Requirir á empresa Francisco Gómez y Cía SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos indicados no PCAP e a constitución da garantía definitiva por importe de 14.434,79 euros, que supón o 5% do prezo de adjudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da

LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 09/03/2022, con CSV: IV7CZTIKCE4L7NEIW4GD6BYPEY, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Francisco Gómez y Cía SL para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 10-03-2022 rematando o prazo de presentación o día 24-03-2022. A mercantil Francisco Gómez y Cía SL, presentou a documentación requirida o 23-03-2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 31/03/2022, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Francisco Gómez y Cía SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Francisco Gómez y Cía SL con C.I.F. B-15009533 representada por D. Alberto López Martín con DNI ****4709**, a contratación da obra denominada LUGO-GUNTÍN.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-2901 “LU-232 – O Burgo”, P.K 5+500 a 13+100 no prezo de 349.322,00 €, dos cales 60.626,13€ corresponden ao IVE (21%); unhas melloras de obra consistentes en lonxitude de cuneta formigonada de 60,10 metros, coas características indicadas no PCAP; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 495,87€ mais IVE e un prazo de execución de 9 meses.



O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Francisco Gómez y Cía SL con C.I.F. B-15009533 representada por D. Alberto López Martín con DNI ***4709**, a contratación da obra denominada LUGO-GUNTÍN.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-2901 “LU-232 – O Burgo”, P.K 5+500 a 13+100 no prezo de 349.322,00 €, dos cales 60.626,13€ corresponden ao IVE (21%); unhas

melloras de obra consistentes en lonxitude de cuneta formigonada de 60,10 metros, coas características indicadas no PCAP; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 495,87€ mais IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: CHANTADA-TABOADA-ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos*



con gravilla, da estrada provincial LU-P-1809 “Chantada (N-540-A) – Antas de Ulla (N-640)”, P.K. 3+625 a 23+800.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 31 de marzo de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CUTZNB5Y3ONZ2EYH47QTPY⁴.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: CHANTADA-TABOADA-ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1809 “Chantada (N-540-A) – Antas de Ulla (N-640)”, P.K. 3+625 a 23+800, con CSV: IV7CUSBJ3UB2LVN5QJ5UK5HUK4.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7CUQKMLUR77RHOTQYFERZUGA.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7CQCACIAO62XVD6YEXM3RE64.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7CQCK3FYZ6QVEKCX7C4BLOAM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CQGKNJNFNXTMLZX456DSOAI.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 28/01/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7CSKTYGFN36TXIYEW4EVXO4A.

Publicación, o día 04/02/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

⁴Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 03/03/2022, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliáveis automaticamente (sobre B), con CSV: IV7CY4IJLNXXN7KMSWR6EMDX7KU.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que a relativa ás mercantis Construcciones Leonardo Miguélez SL, Ecoasfalt SA e Excavaciones Santiños SL, non indican na declaración responsable o apartado 21 que sinala “Que me someto á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante”, non obstante este apartado esta referido a empresas extranxeiras, polo que sendo todas elas nacionais, a mesa acorda por unanimidade dar por bo o anexo I e aceptalas a todas.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

CHANTADA-TABOADA-ANTAS DE ULLA.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DO FIRME, MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA, DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-1809 “CHANTADA (N-540-A) – ANTAS DE ULLA (N-640)”, P.K. 3+625 A 23+800

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

214.078,25
176.924,17 37.154,08

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

NO

PRAZO DE EXECUCION:

3 MESES

MAXIMO

3.538,48

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)	(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído .- art 102)	Oferta (m DTS)	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	181.645,20 €	0,00	0,00 €	49/0
2	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU		202.089,87 €	628,00	0,00 €	96/2
3	ECOASFALT SA		192.269,00 €	200,00	0,00 €	48/0
4	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	211.936,34 €	1.500,00	0,00 €	6/0
5	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		199.650,00 €	150,00	300,00 €	14/0
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL		207.227,75 €	0,00	0,00 €	103/3
7	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL		203.098,50 €	100,00	3.538,48 €	7/0
8	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		212.772,38 €	2,00	107,44 €	3/0
9	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		203.374,34 €	400,00	1.322,31 €	36/2

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas



Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

	EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	Oferta (m DTS)	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	181.645,20 €	75,00	0,00	0,00	0,00 €	0,00	75,00
2	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU	202.089,87 €	27,72	628,00	8,37	0,00 €	0,00	36,09
3	ECOASFALT SA	192.269,00 €	50,43	200,00	2,67	0,00 €	0,00	53,10
4	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	211.936,34 €	4,95	1.500,00	20,00	0,00 €	0,00	24,95
5	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	199.650,00 €	33,36	150,00	2,00	300,00 €	0,42	35,78
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL	207.227,75 €	15,84	0,00	0,00	0,00 €	0,00	15,84
7	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL	203.098,50 €	25,39	100,00	1,33	3.538,48 €	5,00	31,72
8	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	212.772,38 €	3,02	2,00	0,03	107,44 €	0,15	3,20
9	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	203.374,34 €	24,75	400,00	5,33	1.322,31 €	1,87	31,95

Así mesmo faise constar que durante a apertura das ofertas, na da mercantil Obras y Saneamientos Galicia SL, detéctase erro aritmético na suma da base mais do IVE e polo tanto na suma total da oferta, (en 0,01 euros), polo que ao tratarse dun mero erro aritmético, a mesa corríxeo e inclúe o importe correcto no cadro precedente, seguindo así os mesmos criterios que en casos similares acaecidos con anterioridade e en base igualmente a diversos pronunciamentos dos TARC. (Castilla Leon- Resolución 43 e 44/2014 de 5 de xuño; TACRC de 25 de abril, resolución 334/2014).

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

	EMPRESAS	OFERTA	
		Oferta	
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	181.645,20 €
2	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU		202.089,87 €
3	ECOASFALT SA		192.269,00 €
4	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	211.936,34 €
5	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		199.650,00 €
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL		207.227,75 €
7	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL		203.098,50 €
8	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		212.772,38 €
9	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		203.374,34 €

MEDIA
200.265,88

BAIXA DESPROPORCIONADA
180.239,29

10% ARRIBA
220.292,47

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
EXCAVACIONES SANTIÑOS SL

A vista do anterior, observase que ningunha oferta incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao Órgano de Contratación a seguinte proposta:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	75,00
2	ECOASFALT SA		53,10
3	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU		36,09
4	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		35,78
5	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		31,95
6	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL		31,72
7	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	24,95
8	GRUPO BASCUAS 2008 SL		15,84
9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		3,20

Requirir á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos indicados no PCAP e a constitución da garantía definitiva por importe de 7.506,00 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 09/03/2022, con CSV: IV7CZTILPEGO5O7S6APMOQYTEM, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 10/03/2022, rematando o prazo de



presentación o día 24/03/2022. A mercantil Construcciones Leonardo Miguélez SL presentou a documentación requirida o 23/03/2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 31/03/2022, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL con C.I.F. B-15289614 representada por D. José Antonio Miguélez Díaz con DNI ***7892**, a contratación da obra denominada CHANTADA-TABOADA-ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1809 “Chantada (N-540-A) – Antas de Ulla (N-640)”, P.K. 3+625 a 23+800 no prezo de 181.645,20 €, dos cales 31.525,20€ corresponden ao IVE (21%) e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL con C.I.F. B-15289614 representada por D. José Antonio Miguélez Díaz con DNI ***7892**, a contratación da obra denominada CHANTADA-TABOADA-ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1809 “Chantada (N-540-A) – Antas de Ulla (N-640)”, P.K. 3+625 a 23+800 no prezo de 181.645,20 €, dos cales 31.525,20€ corresponden ao IVE (21%) e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.



2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: NAVIA DE SUARNA- CERVANTES.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-3505 “Navia (LU-P-722)- Vilaquinte – Donís (LU-P-1401)”, P.K. 0+970 a 26+654.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 31 de marzo de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CUXXSBB6CRLUJCUYBCVASO4⁵.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: NAVIA DE SUARNA- CERVANTES.- Rehabilitación superficial do firma, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-3505 “Navia (LU-P-722)- Vilaquinte – Donís (LU-P-1401)”, P.K. 0+970 a 26+654, con CSV: IV7CUXXTYEHNLGJDY7XX55SG4A.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7CUUDJDZMMZDOT7QVF4XSWM4.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7CQCACLJ6736FSUQUXPYR7DY.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7CQCKYDIOS4W6PAAQVA3TSF4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CQGHDDF5L7WV4SQEAIFXH74.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 28/01/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7CSKT7KFPY3ZPLYJGWK4XBME.

Publicación, o día 04/02/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 03/03/2022, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliados automaticamente (sobre B), con CSV: IV7CY4IJHEUMUXZKQAQAOJK6ME.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que a relativa ás mercantís Construcciones Leonardo Miguélez SL, Ecoasfalt SA e

⁵ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Excavaciones Santiños SL, non indican na declaración responsable o apartado 21 que sinala “Que me someto á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante”, non obstante este apartado esta referido a empresas extranxeiras, polo que sendo todas elas nacionais, a mesa acorda por unanimidade dar por bo o anexo I e aceptalas a todas.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

NAVIA DE SUARNA- CERVANTES.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DO FIRMA, MEDIANTE REGOS CON GRÁVILLA, DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-3505 “NAVIA (LU-P-722)- VILAQUINTE – DONÍS (LU-P-1401)”, P.K. 0+970 A 26+654

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

154.330,66
127.546,00
26.784,66

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

NO
3 MESES

MAXIMO
2.550,92

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)	(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído .- art 102)	Oferta (m2 DTS)	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	136.859,47 €	0,00	0,00 €	49/0
2	ECOASFALT SA		142.538,00 €	500,00	0,00 €	48/0
3	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	152.786,70 €	1.200,00	0,00 €	6/0
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL		147.694,44 €	200,00	0,00 €	103/3
5	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL		146.408,77 €	100,00	2.550,92 €	7/0
6	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		148.466,09 €	1.500,00	826,45 €	36/2

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC	PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m2 DTS)	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	136.859,47 €	75,00	0,00	0,00	0,00 €	0,00	75,00
2	ECOASFALT SA		142.538,00 €	50,62	500,00	6,67	0,00 €	0,00	57,29
3	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	152.786,70 €	6,63	1.200,00	16,00	0,00 €	0,00	22,63
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL		147.694,44 €	28,49	200,00	2,67	0,00 €	0,00	31,16
5	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL		146.408,77 €	34,01	100,00	1,33	2.550,92 €	5,00	40,34
6	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		148.466,09 €	25,18	1.500,00	20,00	826,45 €	1,62	46,80

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos

criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	136.859,47 €
2	ECOASFALT SA		142.538,00 €
3	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	152.786,70 €
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL		147.694,44 €
5	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL		146.408,77 €
6	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		148.466,09 €

MEDIA
144.393,35

BAIXA DESPROPORCIONADA
129.954,02

10% ARRIBA
158.832,69

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
EXCAVACIONES SANTIÑOS SL

A vista do anterior, observase que ningunha oferta incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao Órgano de Contratación a seguinte proposta:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	75,00
2	ECOASFALT SA		57,29
3	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		46,80
4	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL		40,34
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL		31,16
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	22,63

Requirir á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos indicados no PCAP e a constitución da garantía definitiva por importe de 5.655,35 euros, que



supón o 5% do prezo de adjudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 09/03/2022, con CSV: IV7CZTIINM5K3ZH54AIREXTCL4, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 10-03-2022, rematando o prazo de presentación o día 24-03-2022. A mercantil Construcciones Leonardo Miguélez SL, presentou a documentación requirida o 23-03-2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe 31-03-2022, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adjudicar á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL con C.I.F. B-15289614 representada por D. José Antonio Miguélez Díaz con DNI ***7420**, a contratación da obra denominada NAVIA DE SUARNA- CERVANTES.- Rehabilitación superficial do firma, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-3505 “Navia (LU-P-722)- Vilaquinte – Donís (LU-P-1401)”, P.K. 0+970 a 26+654 no prezo de 136.859,47 €, dos cales 23.752,47€ corresponden ao IVE (21%) e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL con C.I.F. B-15289614 representada por D. José Antonio Miguélez Díaz con DNI ***7420**, a contratación da obra denominada NAVIA DE SUARNA- CERVANTES.- Rehabilitación superficial do firma, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-3505 “Navia (LU-P-722)- Vilaquinte – Donís (LU-



P-1401)”, P.K. 0+970 a 26+654 no prezo de 136.859,47 €, dos cales 23.752,47€ corresponden ao IVE (21%) e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2021.

Escrito do Concello de Guitiriz, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 108-109-110-111-112-113-114-115-116-117-118 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Guitiriz, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (108-109-110-111-112-113-114-115-116-117-118) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III



ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Guitiriz presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
GUITIRIZ	108	MELLORA DE ACCESOS A FERREIROS	1531.76201	14.881,44 €
GUITIRIZ	109	MELLORA DE ACCESOS AO CASTRO	1531.76201	277,56 €
GUITIRIZ	110	MELLORA DE ACCESOS ENTRE LEA E BUSTELO	1531.76201	255,67 €
GUITIRIZ	111	MELLORA DE ACCESOS A SANTE E QUEIMOS	1531.76201	295,06 €
GUITIRIZ	112	MELLORA DE ACCESOS EN LAGOSTELLE	1531.76201	100,00 €
GUITIRIZ	113	MELLORA DE ACCESOS EN ROCA, SAN SALVADOR E BURIZ	1531.76201	264,54 €
GUITIRIZ	114	MELLORA DE ACCESOS ENTRE FORXA E CARELO	1531.76201	318,29 €
GUITIRIZ	115	MELLORA DE ACCESOS EN GUITIRIZ, SAN BREIXO E ABELEDO	1531.76201	264,06 €
GUITIRIZ	116	MELLORA DE PUNTOS RSU EN PARGA, TRASPARGA, SANTA LOCAIA E BECÍN	1621.76201	968,01 €
GUITIRIZ	117	MELLORA DE PUNTOS RSU EN LAGOSTELLE, LABRADA, BURIZ E OS VILARES	1621.76201	247,16 €
GUITIRIZ	118	MELLORA DE PUNTOS RSU EN PÍGARA, ROCA, SAN SALVADOR E SANTA CRUZ	1621.76201	124,88 €

Por escrito de data 31/03/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
GUITIRIZ	REM	MELLORA DE CAMIÑO EN OS VILARES	1531.76201	24.646,81€	16.656,62€	41.303,43€
GUITIRIZ	REM	ADQUISICIÓN CONTENEDORES RSU	1621.76201	27,25€	1.340,05€	1.367,30€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Guitiriz, no Plan Único 2021.”.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Guitiriz e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
GUITIRIZ	REM	MELLORA DE CAMIÑO EN OS VILARES	1531.76201	24.646,81€	16.656,62€	41.303,43€
GUITIRIZ	REM	ADQUISICIÓN CONTENEDORES RSU	1621.76201	27,25€	1.340,05€	1.367,30€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LIQUIDACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A FINANCIACIÓN DUN



**EDIFICIO PARA AS TITULACIÓNS NO ÁMBITO DA ENXEÑERÍA CIVIL,
FORMALIZADO O 27 DE MARZO DE 2007.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se estable o seguinte:

“En relación ao asunto de referencia (EXP2022/XEN_01/000476) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito.

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 4 de marzo de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º- Acordar o inicio de liquidación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a financiación dun edificio para as titulacións no ámbito da enxeñería civil, formalizado o 27 de marzo de 2007 dado que o citado convenio está extinguido por incorrer en causa de resolución (transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse prórroga do mesmo).

2º- Determinar que a Universidade de Santiago de Compostela ten a obriga de reintegrar a cantidade de 35.467,62 €.

3º- Comunicar o representante da Universidade de Santiago de Compostela de que dispón de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que se estimen pertinentes.

Segundo: A notificación do citado acordo foi posta a disposición da Universidade de Santiago de Compostela (en data 8 de marzo de 2022) e rexeitada automaticamente ao non acceder ao seu contido no prazo de dez días naturais.

Aos antecedentes expostos son de aplicacións as seguintes.

Consideracións xurídicas- administrativas.

Primeira: No artigo 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común establécese que “Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido”.

Polo que se da por efectuado o trámite e se da continuidade ao procedemento.

Segunda: O órgano competente para resolver a liquidación do convenio é a Xunta de Goberno xa que foi o órgano que aprobou o convenio, o gasto e determinou as actuacións a desenrolar.

Conclusións.

Por todo o exposto informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Primeira: Acordar a liquidación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a financiación dun edificio para as titulacións no ámbito da enxeñería civil, formalizado o 27 de marzo de 2007.

Segunda: Determinar que a Universidade de Santiago de Compostela reintegre a cantidade de 35.467,62 €.”

En base ao anteriormente exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acordar a liquidación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a financiación dun edificio para as titulacións no ámbito da enxeñería civil, formalizado o 27 de marzo de 2007.

2º.- Acordar que a Universidade de Santiago de Compostela reintegre a cantidade de 35.467,62 €.



3º.- Acordar que tralo vencemento do prazo de ingreso en período voluntario sen que conste o pago da cantidade adeudada por parte da Universidade de Santiago de Compostela procederase a súa compensación con cargo ao anticipo do Plan de Choque do curso 2017/2018 (procedemento de compensación iniciado por resolución presidencial de data 17 de abril de 2019).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- ADHESIÓN AO CONVENIO SUSCRITO ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS EN MATERIA DE RECAUDACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Con data 18 de marzo de 2021 formalizouse o Convenio suscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios y Provincias en materia de intercambio de información tributaria y colaboración na xestión recadatoria coas Entidades Locais, que foi publicado no BOE número 080 de 3 de abril de 2021.

Este convenio sustitúe a outro asinado no ano 2003 entre a FEMP e a Axencia Tributaria ao que está adherida a Deputación Provincial.

O Convenio ten por obxecto establecer un marco xeral de colaboración sobre as condicións e procedementos polos que se debe rexir o intercambio de información e a colaboración da xestión recadatoria.

Interesa especialmente á Deputación a información a suministrar ao amparo do artigo 95.1.b) e 95.1.j) da Lei xeral tributaria e naqueles supostos nos que o desenvolvemento de funcións que teña atribuídas por cada normativa reguladora esixe a aportación dunha certificación da Axencia Tributaria, de declaracións tributarias dos interesados ou calquera outra información. Polo

tanto, estamos ante un Convenio que afecta a distintos departamentos da Deputación, aínda que sexa de especial interés no ámbito da xestión e recadación de ingresos públicos.

No presente Convenio tamén se acorda manter o procedemento vixente para a traba daquelas devolucións tributarias dos contribuíntes que sexan debedores dos Concellos e da propia Deputación. Do mesmo xeito, acórdase o establecemento do procedemento que permite o embargo, por parte da Axencia Tributaria, daqueles pagos que debe realizar a Deputación ao respecto de debedores da Axencia Tributaria. Estes dous procesos xa veñen funcionando con regularidade, sendo o embargo de devolucións da Axencia Tributaria unha das principais actuacións no procedemento de prema, xa que supón unha cantidade importante de ingresos ademais de desenvolverse con un total automatismo e sin coste para a Deputación.

O sistema de adhesión ó Convenio ven regulado na Clausula Terceira que dí: “Cada Entidade Local a través de su órgano de Gobierno y por conducto de la FEMP, enviará a Servicio de Planificación y Relaciones Institucionales de la Agencia Tributaria su solicitud de adhesión plena y sin condiciones al presente Convenio”.

No Anexo II do Convenio incorporase o modelo “Acto de adhesión al Convenio da Entidade Local XXX”, neste caso a Deputación, a asinar polo Presidente.

Na solicitude de adhesión incluírase una declaración responsable manifestando que a política de seguridade desta Deputación esta alineada co disposto Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 a Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e, no caso de que se utilicen infraestructuras de terceiros, pola Resolución de 28 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Norma Técnica de Interoperabilidade de Protocolos de intermdiación de datos. A estes efectos na Intranet da Deputación, no espazo “Novas Tecnoloxías”, figura un documento titulado “Política de seguridade de Información” que, no seu apartado 5º, fai alusión ó marco normativo en materia de seguridade da Información no que a Deputación de Lugo desenvolve a súa actividade.



Resulta necesario nomear un interlocutor único para o desenvolvemento das funcións previstas no Convenio.

O Convenio non supón coste económico para a Deputación.

Según a cláusula décimosexta, o Convenio terá unha vixencia ata o 3 de abril, podendo ser acordada, polos asinantes, unha prórroga por un período de ata 4 anos.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno a aprobación da adhesión ó Convenio suscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios y Provincias en materia de intercambio de información tributaria y colaboración na xestión recadatoria coas Entidades Locais, segundo o procedemento regulado na “Cláusula Terceira. Sistema de adhesión al Convenio” e o contido do Anexo II do mesmo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte para a cesión por parte da Deputación do su medio propio "Empresa de Transformación Agraria S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) e da súa filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte para a cesión por parte da Deputación do su medio propio "Empresa de Transformacion Agraria S.A, SME, MP (TRAGSA) e da súa filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Monforte (EXP 2022/PES_03/005234) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a cesión por parte da Deputación do su medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) e da súa filial Tecnoloxías Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Lexislación aplicable.

Constitución Española (CE).

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.(LBRL).

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local.(TRLBRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).

Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local.

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROF).

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.(LCSP).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. (LRXSP).



Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se Desenrola o réxime xurídico da Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC).

Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Consideracións xurídico administrativas.

En materia de convenios de cooperación.

Lexislación de réxime local

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao recoller que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os

servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do TRLBRL dispónse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.



Normativa sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da LRXSP indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta Lei: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da LRXSP dispón que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...).”

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 da LRXSP, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.



En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da LRXSP e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

En base ao anteriormente exposto:

As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Pola súa banda, o Concello de Monforte de Lemos, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

“Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre(...).

Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.



O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”. Nin é de aplicación a lexislación xeral en materia de subvencións.

En materia de cesión de medios propios/ encargo a medios propios.

Primeira: TRAGSA como medio propio da Deputación de Lugo.

No artigo 2 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenrola o réxime xurídico da Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGASA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios , S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) dispónse que:

“1. De acordo co establecido na disposición adicional vixésima cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, TRAGSA e TRAGSATEC terán a consideración de medio propio personificado e

servizo técnico da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla, dos cabidos e consellos insulares, da deputacións forais do País Vasco, das deputacións provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poderes adxudicadores, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 32.2.d) 2º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo.

2. As listadas administracións públicas deberán participar no capital social de TRAGSA mediante a adquisición de accións cuxa alleamento será autorizada polo Ministerio Facenda a iniciativa do Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación (apartado 3 da disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro) (...)"

E no mesmo senso se pronuncia a Disposición Adicional Vixésima da LCSP.

Segunda: Regulación dos encargos dos poderes adxudicadores a medios propios personificados.

No apartado 32.1 da LCSP regúlanse vos encargos dous poderes adxudicadores ao establecer que "1. Os poderes adxudicadores poderán organizarse executando de maneira directa prestacións propias dos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obras e concesión de servizos, a cambio dunha compensación tarifaria, valéndose doutra persoa xurídica distinta a eles, xa sexa de dereito público ou de dereito privado, previo encargo a esta, con suxeición ao disposto neste artigo, a condición de que a persoa xurídica que utilicen mereza a cualificación xurídica de medio propio personificado respecto deles de conformidade co disposto nos tres apartados seguintes, e sen prexuízo dos requisitos establecidos para os medios propios do ámbito estatal na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O artigo 32.2 LCSP contén os requisitos que deben concorrer de maneira acumulativa nos medios propios personificados respecto dunha única entidade concreta do sector público, para que podan realizarse os encargos polos poderes adxudicatarios. Sendo o apartado 4 do artigo 32 da LCSP o que regula os requisitos que deben concorrer nos medios propios personificados respecto de dous ou mais poderes adxudicadores que sexan independentes entre sí, entre os que se atopa a remisión ao artigo 32.2.d) 2º do mesmo texto normativo.

Conclusiones.



En base ao anteriormente exposto, infórmase favorablemente que por parte da Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Apreciar que concorren as razóns de urxencia, en base o contido da certificación do acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 21 de marzo de 2022, para a realización por parte de TRAGSA ou a súa filial Tecnoloxías Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC), como medios propios da Deputación, das actuacións necesarias descritas no convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a cesión por parte da Deputación do su medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) a súa filial Tecnoloxías Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC), ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais.

Aprobar o borrador do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a cesión por parte da Deputación do su medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) a súa filial Tecnoloxías Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais que se adxunta ao expediente”.

En base ao anteriormente exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Determinar que concorren as razóns de urxencia, en base o contido da certificación do acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 21 de marzo de 2022, para a realización por parte de TRAGSA ou da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios , S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC), como medios propios da Deputación, das actuacións necesarias descritas no convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a cesión por parte da Deputación do medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios , S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao

Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais.

2º.- Aprobar o borrador do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a cesión por parte da Deputación do seu medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios , S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais que se adxunta ao expediente.

Esta proposta substitúe a calquera outra emitida con anterioridade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.

Informe-proposta de validación do gasto, do Servizo de Parque Móbil, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas fora de contrato polo importe de 2.985,28 euros.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
IGNACIO DOCANDO TELJEIRO	22/00002	28/02/22	2.985,28 €	Subm.pneumaticos para maquinaria 2022/FAC-01/000694	SUBM.	febreiro 2022	9201.213 92022/2627
TOTAL			2.985,28 €				



Total 2.985,28 €.

Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista Resolución da Presidencia de data 31/03/2022 na que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 2.985,28 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e propondo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 2.985,28 €:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBJECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
IGNACIO DOCANDO TEIJEIRO	22/00002	28/02/22	2.985,28 €	Subm.pneumaticos para maquinaria 2022/FAC-01/000694	SUBM.	febreiro 2022	9201.213 92022/2627
TOTAL			2.985,28 €				

Total 2.985,28 €”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DA RECLAMACIÓN DE PARTICULARES COMPARECENTES EN EXPEDIENTE EXPROPIATORIO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

FOZ.- Acondicionamento LU-P-0210 “A Seara (LU-160)-San Acisclo (LU-152A)”. P.K. 5,100 ao 5,236.

Co base no informe do Xefe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos que di:

No Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos recibíuse solicitude sobre cambio de titularidade da finca 6-B do expediente expropiatorio para a obra FOZ.- Acondicionamento LU-P-0210 “A Seara (LU-160)-San Acisclo (LU-152A)”. P.K. 5,100 ao 5,236. Unha vez examinado o expediente e a documentación achegada, procede rectificar a mencionada titularidade da seguinte forma:

Finca	Titularidade anterior	Nova titularidade
6-B	Antonio López Suárez e María Celina López López	María Celina López López, María Luisa López López e José Antonio López López

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA RELATIVA AO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO CLUB NAÚTICO DE PORTOMARÍN.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Tendo en conta que por Resolución da Presidencia do 25.02.2022 se inicia a tramitación do procedemento para o outorgamento da ocupación do inmovible provincial que baixo a denominación de Club Náutico de Portomarín se encontra inscrito ao número vinte e catro, folio corenta e tres e segundo a Certificación de inscrición no Inventario Xeral de Bens e Dereitos e identificado coa referencia catastral 000300100PH13G0001WK segundo sinatura emitida baixo o CSV IV7CYLADHFJZZJPD7U6QMQLHAA.

Tendo en conta que aos efectos da tramitación dun procedemento para o aproveitamento e explotación deste inmovible provincial de natureza xurídica de ben demanial, a Secretaría Xeral. Sección de Patrimonio con data do 7 marzo de 2022 e CSV IV7CYLPMAAZY7NGMAIG554JHBY informa sobre a lexislación aplicable e determinando que o presente procedemento ten por obxecto a ocupación privativa do dominio público provincial cuxa ocupación, incluso mediante obras ou instalacións fixas, permitirá a explotación do denominado Club Náutico Portomarín amparada mediante o outorgamento dunha a concesión demanial.

Ademais informa que o outorgamento da concesión demanial efectuarase mediante un procedemento que será de concorrencia pública e adxudicación por concurso en tanto esta Administración non pretende tanto obter unha renda como promover o uso e explotación do inmovible para cuxo fin redactase o prego reitor coas condicións xerais que servirán de base para a adxudicación da citada concesión demanial, estimando todo elo adecuado á lexislación vixente.

O prego de condicións que han de rexer o concurso para a concesión demanial deste dominio público foi asinado con data do 01.04.2022 baixo o CSV IV7CFSAPOFRJ53GP6DVEMR3T6I no que se ten en conta as recomendacións do 14.03.2022 da Intervención Provincial en relación co contido dos pregos reitores suxeitos á lexislación patrimonial e tendo en conta o informe de valoración do 1 de abril 2022 emitido por un taxador inmobiliario en relación ao canon concesional.

A Intervención Provincial con data do 04.04.2022 baixo o CSV IV7CGTXLB4GD3L642BF5FZZFKU emite informe no que conclúe que non se manifesta inconveniente a tramitación do expediente do procedemento de aprobación de concesión demanial para a utilización privativa do ben de dominio público denominado Club Náutico de Portomarín.

Polo exposto, a teor do artigo 59.11 do Regulamento Orgánico propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Iniciar a tramitación dun procedemento de concorrencia pública para a ocupación privativa, mediante o outorgamento dunha concesión demanial, que permitirá a explotación do inmovible provincial denominado Club Náutico de Portomarín.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso.

3º.- Proceder á convocatoria pública e exposición das bases que regularán o presente procedemento de concesión demanial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACÍONS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2022.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Á vista da incoación do inicio da tramitación do expediente relativo ás bases e convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares



Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural,cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2022.

Tendo en conta:

A Deputación de Lugo é a entidade responsable da xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, declaradas nos anos 2002 e 2006, respectivamente, pola UNESCO ao abeiro do Programa Persoa e Biosfera (Programa MaB), que estendeu a celebración do seu 50 Aniversario durante esta anualidade 2022.

En ambas Reservas da Biosfera resulta imprescindible que a implementación dos seus Plans de Acción forme parte dun proceso integrador no que se teñan en conta os diferentes axentes implicados no desenvolvemento e posta en marcha de cada acción.

Polo tanto, debe contemplarse a integración dos organismos competentes,fomentando a colaboración e participación de entidades locais, asociacións, representantes dos distintos sectores produtivos implicados, organizacións conservacionistas sen ánimo de lucro, institucións dedicadas a educación e/ou investigación científica, así como todos aqueles axentes que poidan verse implicados no desenvolvemento e posta en marcha das accións formuladas no presente Plan, especialmente, aos integrantes dos Órganos de Participación de ámbalas Reservas da Biosfera.

Esta convocatoria de subvencións está destinada ao desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade de 2022, e cuxos fins contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas de Acción dos Plans de Accións das referidas Reservas da Biosfera.

A convocatoria inclúe dúas liñas diferenciadas:

A liña 10.2 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito,

Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Ourel, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade. Esta liña ten unha dotación de 45.000,00 €.

A liña 10.3 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 3 municipios: Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna. Esta liña ten unha dotación de 38.000,00 €.

Os gastos subvencionables neste programa (que non poderán estar subvencionados por outro programa ou convocatoria da Deputación de Lugo) son aqueles considerados como gastos correntes que contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas de Acción dos Plans de Accións das Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses.

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades ou asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas, inscritas no rexistro público correspondente na data de publicación desta convocatoria, con sede/ delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en diante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos planes das ditas Reservas.

Tendo en conta os informes favorables do Servizo de Medio Ambiente, do Servizo de Contratación e Fomento e da Intervención provincial.

Polo exposto, tendo en conta os expresados informes, propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Autorizar o devandito gasto por importe de oitenta e tres mil euros (83.000,00 €) con cargo ás aplicacións 1724/48900 (45.000,00 €) e 1725/48900 (38.000,00 €) do orzamento do ano 2022.



2º.- Aprobar as bases e os anexos (relativos aos modelos de presentación de solicitudes e de xustificación de subvencións), así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2022.

3º.- Realizar a convocatoria pública, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión das referidas subvencións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES, DO GASTO, E DO MODELO DE ANEXO DE PREMIOS COPA DEPUTACIÓN DE FÚTBOL, ANUALIDADE 2022.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto que dentro das actuacións de fomento e promoción do deporte, a Area de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica impulsa unha iniciativa de premios a equipos participantes na denominada “Copa Deputación” de fútbol, competición considerada de carácter oficial, dado que está organizada pola Federación Galega de Fútbol.

Visto que de acordo ás bases deportivas formuladas pola Federación Galega de Fútbol, a competición constaría de varias fases eliminatorias.

Visto que en aplicación das previsións de fomento da Area de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, e de acordo ao previsto na base décimo terceira das Bases da Copa XXXVIII Deputación de fútbol (ano 2022), a Area de Deportes concederalles e aboaralles os respectivos premios económicos polos resultados deportivos logrados a cada un dos

participantes, en función dos partidos disputados e eliminatorias superadas, aplicando o mecanismo de atribución de puntos previsto pola Federación Galega de Fútbol e establecendo un valor en euros de cada punto de cinco (5) euros.

Visto o informe do Servizo de Deportes.

Visto o Informe favorable do servizo de Contratación e Secretaría Xeral e do servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación das bases de participación da Copa Deputación de fútbol de aplicación a premios da anualidade 2022.

2º.- Aprobación do gasto correspondente por un importe total de 102.000,00 (cento dous mil euros) para os efectos do respectivo reparto de premios.

3º.- Aprobar o modelo de anexo de participación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA OCUPAR, EN PROPIEDAD, TRES (3) PRAZAS DE TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICO/A (FP), ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS AUXILIARES, GRUPO B, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES ÁS OFERTAS DE EMPREGO DOS ANOS 2017 E 2019.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:



“Celebrado o procedemento selectivo para prover tres prazas de Técnico/a Superior Informático escala administración especial, subescala técnica, técnica auxiliares, grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondentes a Oferta de Emprego 2017 e 2019, cuxas bases fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 101, de 6 de maio de 2021; Vista a proposta do Tribunal Cualificador, Visto que os aspirantes presentaron dentro do prazo a documentación a que se refire o punto 10.1 das Bases Xerais que rexen a convocatoria, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos na base xeral 4 e base específica 5.1, esta Presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das Bases Xerais, propón a Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedementos selectivo nomeando a:

Don Ismael Ramos Pérez, para ocupar a praza 790, denominada Técnico/a Superior Informático (FP), escala administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, Grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondente a Oferta de Emprego 2017 e o posto de traballo homónimo número 1185 (Nivel Entrada).

Don José Antonio Castro Begide, para ocupar a praza/posto 851, denominada Técnico/a Superior Informático (FP), escala administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, Grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondente a Oferta de Emprego 2019 e o posto de traballo homónimo número 1335 (Nivel Entrada).

Don Víctor Manuel Sánchez López, para ocupar a praza/posto 852, denominada Técnico/a Superior Informático (FP), escala administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, Grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondente a Oferta de Emprego 2019 e o posto de traballo homónimo número 1336 (Nivel Entrada).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Neste punto por parte da Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, solicítase información en relación coa convocatoria da Xunta de Goberno que corresponde co día quince do presente mes de abril que, tendo en conta que é festivo, pasaría ao mércores día 20 segundo acordo do Pleno en sesión extraordinaria de 30 de xullo de 2019; manifestando que non podería asistir por coincidirlle coa sesión da Xunta de Goberno Local do Concello.

Por todo elo, e visto que as datas coinciden cos diferentes turnos de vacacións de Semana Santa, e non se prevé que poidan existir asuntos urxentes e, en caso de haberlos, podería avocarse a competencia polo Sr. Presidente; os deputados presentes na sesión da Xunta de Goberno, por unanimidade acordan a non celebración da sesión correspondente ao día quince do presente mes de abril, e polo tanto que a mesma non sexa convocada.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.